

ORDENANZAS REGULADORAS DE TAXAS E PREZOS PÚBLICOS

B. Ordenanzas reguladoras de taxas

B.1 Ordenanzas reguladoras de taxas pola prestación de servizos públicos.

B.1.3 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES URBANÍSTICAS.

ARTIGO 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por actividades urbanísticas, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do citado R.D.L. 2/2004.

ARTIGO 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, desenrolada para a expedición dos seguintes documentos ou licenzas preceptivas segundo o art.1 do Regulamento de Disciplina Urbanística:

- a) Licenzas urbanísticas.
- b) Licenzas de primeira utilización, solicitudes a instancia de parte ou a emitir de oficio pola Administración Municipal ó finaliza-lo período de vixencia das respectivas licenzas de obras.
- c) As parcelacións urbanísticas.
- d) Os usos de carácter provisional ós que se refire a Lei do Solo.
- e) A modificación de uso dos edificios e instalacións enxeral.
- f) Emisión de informacións urbanísticas a instancia de parte.
- g) Emisión doutros informes de natureza urbanística a instancia de parte.

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas da expedición 2.- Terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras.

ARTIGO 4.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades que se recollen no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria e co alcance que sinala dito artigo.

ARTIGO 5.- Cota Tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa e irredutible, segundo a natureza dos expedientes a tramitar, conforme á seguinte tarifa:

- A) Licencias urbanísticas:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005

Fecha: 07/10/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2



- Para edificios plurifamiliares ou edificacións industriais ou comerciais de nova construción: 215,47 €.
 - Para vivendas unifamiliares de nova construción, galpóns ou reformas en edificacións ou instalacións: 43,13 €.
 - Resto de licencias urbanísticas distintas das anteriores deste apartado A: 8,62 €.
- B) Licencias de primeira utilización:
- Vivendas unifamiliares: 19,80 €.
 - Edificios plurifamiliares, por cada local independente: 19,80 €.
 - Instalacións comerciais ou industriais: 31,89 €.
 - Galpóns e pequenas construcións similares: 13,55 €.
- C) Os usos de carácter provisional ós que se refire a Lei do Solo e as parcelacións satisfarán o 2 por 100 do valor catastral da superficie da parcela, sen incluír o valor das construcións que puideran existir sobre a mesma, cun mínimo de 0,137517818 € por metro cadrado.

No caso das parcelacións, a cota calcularase sobre o valor catastral da parcela matriz segregada, cun máximo de 1.000 € por parcela matriz afectada. No caso de solicitudes de agrupación de parcelas a efectos da súa segregación, este límite de 1.000 € refírese á cota tributaria máxima a abonar pola tramitación do expediente e a consecuente expedición da licenza, independentemente do número de parcelas que foran aportadas en orixe para obter a segregación instada.

Non estarán suxeitas a esta Ordenanza as parcelacións urbanísticas, ou segregacións, cuxo único obxecto sexa a cesión obrigatoria ao Concello dos terreos necesarios para a apertura ou regularización dos viarios establecida na normativa urbanística.

- D) A modificación de uso dos edificios e instalacións en xeral: 5 por 100 do valor catastral do inmovible, cun mínimo de 37,90 €.
- E) Resolución municipal respecto a proxectos de urbanización e outros instrumentos de desenvolvemento do planeamento urbanístico, a instancia de parte: 2,6 % do orzamento de execución material, cun límite máximo de 1.000,00 €.
- F) Emisión de informacións urbanísticas a instancia de parte. 66,71 €.
- G) Emisión doutros informes de natureza urbanística a instancia de parte. 66,71 €.

ARTIGO 6.- Devengo.

1.- Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da oportuna solicitude, ou a caducidade da licenza de obras no caso das licenzas de primeira utilización.

2.-A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola renuncia ou desistimento do solicitante, unha vez adoptado polo órgano competente o acordo de emisión do documento gravado. Sen prexuízo do anterior, as solicitudes de parcelación urbanística que se viran denegadas experimentarán unha redución na tarifa dun 90 %.

ARTIGO 7.- Procedemento, liquidación e ingreso.

1.-Os interesados na obtención de Informacións urbanísticas ou licenzas presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, e conxuntamente practicarase liquidación provisional polo importe da taxa, que se ingresará na Tesourería Municipal.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE :: 2021APOF000005
Fecha: 07/10/2021
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2



2.-Unha vez resolta a solicitude, practicarase liquidación definitiva, deducindo o ingresado na liquidación provisional, que será notificada ó suxeito pasivo de acordo co establecido no artigo 102.1 e 102.2 da Lei Xeral Tributaria.

3.-As cotas liquidadas e non satisfeitas en período voluntario de cobranza reclamaranse mediante o procedemento administrativo de prema.

ARTIGO 8.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo pleno do Concello en sesión de data xx de xx de 2021, entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005

Fecha: 07/10/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL



CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2